



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo de Fin de Grao

Materia	Traballo de Fin de Grao			
Código	V01G180V01991			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición	Alemán Castelán Francés Galego Inglés Portugués			
Departamento				
Coordinador/a	Rodríguez Vázquez, Rosalía			
Profesorado	Rodríguez Vázquez, Rosalía			
Correo-e	rosalia@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/ , http://fft.uvigo.es/gl/docencia/traballo-fin-de-grao/			
Descrición xeral	Co traballo de fin de grao (TFG) o alumnado debe demostrar ter adquirido as habilidades conducentes á elaboración, presentación e defensa dun traballo sobre os contidos do grao, a través da aplicación dunha metodoloxía científica axeitada.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Capacidade de redactar un traballo baseado nos coñecementos adquiridos no grao, cunha base teórica e metodolóxica.	A1 A2 A3 A4 A5
Capacidade de extraer conclusións dos resultados obtidos.	A3 A4
Habilidade para adaptar o discurso escrito á situación académica, tanto no que respecta ao estilo, a estruturación e o uso de técnicas tipográficas.	A2 A3 A4
Habilidade para adaptar o discurso oral á situación de defensa do traballo.	A2 A3 A4 A5

Contidos

Tema

Contidos

Os contidos do TFG deberán corresponderse coa liña de traballo na que a/o estudante está matriculada/o. O tema específico do TFG deberá ser acordado entre a/o estudante e a persoa titora asignada.

Se as liñas de traballo corresponden a materias de formación básica de 1º curso de grao que non versen directamente sobre linguas estranxeiras, estas deberán estar vinculadas a algún aspecto dalgunha das linguas estranxeiras impartidas no grao (inglés, alemán, francés, portugués).

O TFG será avaliado tendo en conta non só a pertinencia e calidade do contido do traballo senón tamén a súa corrección lingüística, tanto na redacción como na exposición oral.

Estrutura

A estrutura do TFG debe ter como esqueleto tres partes básicas: introdución, corpo e conclusión.

Os contidos de cada parte serán flexibles atendendo ás convencións do eido no que se enmarca o traballo. A introdución xeralmente inclúe o contexto do tema específico do traballo e do eido no que se enmarca, e os obxectivos do estudo a realizar. O corpo do traballo xeralmente comprende varias seccións, como a discusión crítica de estudos previos no tema/eido escollido, a descrición da metodoloxía (se procede) e a análise de datos ou da obra literaria. A sección de conclusión debe recoller un resumo do estudo e as conclusións (orixinais) que del se derivan.

Pautas de redacción e presentación

Na portada do TFG deberá incluírse: "Grao Universitario en Linguas Estranxeiras (Facultade de Filoloxía e Tradución, Universidade de Vigo)", o título completo do TFG, o nome do/a autor/a, o nome do/a titor/a, e a data da convocatoria de presentación (mes - ano).

O traballo escrito debe incluír un índice (despois da portada) e unha bibliografía ou lista de referencias, dependendo das convencións da liña de traballo. De haber apéndices, estes deberán incorporarse despois das conclusións; poden ir antes ou despois das referencias bibliográficas segundo sexa característico no eido do traballo. Non se prescribe un sistema de citación específico para as referencias bibliográficas; cada titor/a poderá recomendar o sistema que considere máis axeitado e este deberase empregar de xeito consistente e seguindo as normas académicas do seu eido.

O traballo escrito terá unha extensión de entre 3.000 e 5.000 palabras, incluídas as notas a pé de páxina, pero excluíndo a portada, o índice, as referencias bibliográficas e os apéndices. O número de palabras total deberá mencionarse expresamente na parte baixa da páxina do índice.

A lingua de redacción do traballo debe ser preferiblemente a lingua estranxeira sobre a cal versa o traballo.

Nas liñas de traballo relacionadas coa lingua ou literatura alemá, existe a posibilidade de redactar e defender o traballo en español/galego coas seguintes condicións: (1) aportar un resumo do traballo en lingua alemá dunha extensión mínima dunha páxina e (2) preparar a defensa oral e a súa Powerpoint en lingua alemá.

No caso de traballos comparativos entre dúas linguas estranxeiras, a/o estudante poderá escoller a lingua de redacción coa aprobación da persoa titora e da persoa coordinadora da materia.

Recoméndase a redacción con espazo entre liñas de 1.5. A entrega oficial do traballo en formato PDF. Se o/a titor/a así o require, deberá entregarse tamén unha copia impresa. Esta deberá ser a dobre cara agás a portada e o índice, que deben aparecer en cadansúa páxina individual.

Defensa oral	<p>A defensa oral é obrigatoria. Terá carácter presencial ou virtual consonte á normativa vixente da FFT da convocatoria correspondente.</p> <p>A defensa oral consistirá nunha exposición por parte da/o estudante dun máximo de 10 minutos, seguida dun máximo de 5 minutos para os comentarios do tribunal avaliador e as respostas breves da/o estudante.</p> <p>A lingua de presentación do traballo debe ser a lingua estranxeira sobre a cal versa o traballo. De non ser así, a elección de lingua debe ser consensuada co titor/a e aprobada pola persoa coordinadora da materia.</p> <p>O tribunal avaliador debe cumprir o "Decálogo de Boas Prácticas nos Actos de Defensa Oral dos TFG na FFT", dispoñible na plataforma de teledocencia.</p>
Organización da materia	<p>O/A coordinador/a da materia é responsable de organizar a materia e de informar debidamente ao estudiantado e ao profesorado. Toda a información estará dispoñible na plataforma de teledocencia e na páxina web da FFT.</p> <p>Igualmente, é responsabilidade do profesorado e alumnado consultar o calendario con instrucións sobre datas e procedementos de xestión.</p> <p>O estudiantado pode contactar coa persoa titora asignada unha vez a asignación das liñas de traballo sexa publicada. A data para unha primeira reunión queda á discreción da/o estudante e a persoa titora (a máis tardar na primeira semana do segundo cuadrimestre).</p> <p>MOI IMPORTANTE: O TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. (Normativa UVigo)</p>

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Traballo tutelado	2	140	142
Presentación	0.5	5.5	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión introdutoria coa coordinadora da materia sobre a elaboración do traballo escrito, a presentación oral e o procedemento administrativo de asignación, matrícula, avaliación, etc.
Traballo tutelado	A/O estudante, de maneira individual, realiza un traballo sobre os contidos do grao, a través da aplicación dunha metodoloxía científica axeitada, baixo a supervisión dun/ha titor/a.
Presentación	Defensa oral do traballo elaborado perante un tribunal unipersoal composto unicamente pola persoa titora do TFG. A defensa do traballo é pública.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A/O estudante contará coa supervisión da/do docente responsable da liña de traballo asignada, consonte o Regulamento de TFG vixente na Facultade de Filoloxía e Tradución.
Presentación	A/O estudante contará coa supervisión da/do docente responsable da liña de traballo asignada.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Traballo tutelado	<p>O sistema de avaliación no Grao en Linguas Estranxeiras é Tribunal Unipersoal, composto unicamente pola persoa titora do TFG.</p> <p>A persoa titora tramitará as actas dos TFG asignados á(s) súa(s) liña(s) de traballo.</p> <p>A persoa titora deberá entregar o "Informe de Conformidade" mediante a Secretaría Virtual, con data límite a especificada no calendario oficial da FFT. Este informe autoriza a entrega do TFG do seu estudiantado, indicando se é Favorable ou Desfavorable.</p> <p>A persoa titora tamén deberá entregar a acta na Secretaría Virtual e no Negociado de Asuntos Xerais da FFT, así como a acta complementaria coa cualificación e comentarios sobre o traballo segundo o modelo establecido para os TFG da titulación (débesse consultar a documentación na plataforma de teledocencia).</p> <p>O peso da cualificación outorgada pola persoa titora será do 100%, de xeito que a versión escrita do traballo será avaliada por un 80% da nota final, e a defensa oral será avaliada por un 20% da nota final.</p> <p>Avaliarase o rigor académico do traballo presentado, a súa fundamentación teórica e o seu deseño metodolóxico, así como a capacidade crítica da/do estudante e os resultados obtidos. Igualmente, avaliarase a adecuación da presentación escrita ás normas académicas.</p>	80	A2 A3 A4
Presentación	<p>Poderase empregar un pequeno guión ou material de soporte visual (presentación en PowerPoint ou semellante), pero en ningún caso a presentación oral poderá consistir na mera lectura dese material.</p> <p>Avaliarase o rigor académico da defensa oral no relativo á presentación da mesma e ás respostas da quenda de preguntas por parte do tribunal avaliador.</p>	20	A2 A4 A5

Outros comentarios sobre a Avaliación

As datas oficiais de entrega do traballo escrito e da defensa oral serán anunciadas polo Negociado de Asuntos Xerais da FFT e estarán publicadas na páxina web da FFT así como na plataforma de teledocencia. Como en calquera outra materia, haberá dúas edicións de actas.

A maiores do procedemento indicado no calendario oficial da FFT, é imperativo **entregar na plataforma de teledocencia** tanto a copia do traballo escrito (en formato PDF) como a copia da presentación oral (PPT ou similar).

Calquera plaxio identificado será motivo de suspenso da materia. Entenderase por plaxio calquera cita literal (curta ou longa) presentada como propia (i.e. sen comiñas e sen referencia da autoría) ou calquera apropiación das ideas ou metodoloxía dun/ha autor/a que non se mencione nas referencias, sexa cal for a súa procedencia (un traballo individual ou colectivo, unha publicación impresa ou un documento electrónico ou de uso restrinxido, páxina web, ou traballo que se está levando a cabo por parte dalgún/a compañeiro/a etc). O TFG entregado nesta materia en ningún caso pode ser un traballo presentado con anterioridade polo/a estudante nalgunha materia de calquera titulación **nesta ou noutra universidade**, aínda que pode integrar ou desenvolver traballo feitos nas actividades doutras materias da titulación. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto. **Os TFG serán revisados polo software Turnitin co fin de detectar posibles casos de plaxio.**

Recoméndase que o estudiantado visite a plataforma de teledocencia con regularidade. Os avisos e anuncios faranse mediante esta plataforma vía correo electrónico. É responsabilidade da/do estudante consultar os medios de comunicación establecidos.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- Gibaldi, Joseph., **MLA Handbook for Writers of Research Papers**, 7ª ed., Modern Language Association of America, 2009
- Griffith, Kelley, **Writing Essays About Literature: A Guide and Style Sheet**, 9ª ed., Thomson/Wadsworth, 2014
- Servicio de Biblioteca de la Universidad de La Laguna, **Cómo elaborar un trabajo**, 11 xuño 2013
- The Writing Center. College of Arts & Sciences. The University of Carolina at Chapel Hill, **"Plagiarism"**, 11 xuño 2013
- Walker, Melissa, **Writing Research Papers**, WW Norton & Co Inc. [Tamén en versión castelán], 1992
- Warburton, Nigel, **The Basics of Essay Writing**, 2007, Routledge, 2007
- Yáñez Bouza, Nuria, in collaboration with Rob Drummond, **Handbook of study skills**, Manchester: Department of Linguistics and English, 2011

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

A normativa desta asignatura está dispoñible na páxina web da FFT (sección Docencia) e na plataforma de teledocencia da materia.

A información sobre o procedemento e o calendario oficial para a FFT está dispoñible na páxina web da FFT (sección Docencia) e na plataforma de teledocencia.
